



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
22 DE MARZO DE 2016

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, das actas anteriores**
- 2. Nomeamento de representante (titular e suplente) para a comisión do regulamento dos consellos parroquiais.**
- 3. Orzamentos participativos ano 2016**
- 4. Orzamentos participativos ano 2017**
- 5. Rogos e preguntas**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e dez minutos, do día vinte e dous de marzo de dous mil dezaseis, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Carmen López Bouzón, representante do PP
- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- M^a. Magdalena Ramonet Otero, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das entidades deportivas
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Incidencias

Leonardo Cabaleiro Couñago pide que o consello parroquial recolla a solidariedade polo atentado de Bruxelas.

1.- Aprobación, se procede, das actas anteriores.

Sométense a aprobación as actas das xuntanzas de data 14.10.15 e 16.12.15.



CONCELLO DE REDONDELA

Apróbanse as actas por unanimidade de todos os membros presentes.

2. Nomeamento de representante (titular e suplente) para a comisión do regulamento dos consellos parroquiais.

Jorge Rodríguez Crespo indica que acordaron que o titular sexa el e o suplente Arsenio Martínez Ricón.

Así mesmo, o Presidente recórdalles que é preciso que nomeen a unha ou dúas persoas para o Plan Xeral, preferiblemente con experiencia, coñecemento da parroquia e que dispoña de tempo.

Jorge Rodríguez Crespo contéstalle que se acordou que contacten con el e buscaría quen podería ir en cada momento.

3. Orzamentos participativos ano 2016

O Presidente lles indica que o orzamento volve a ser o 1% o que equivale a uns 15.000 euros e lles pregunta que actuacións queren facer.

Jorge Rodríguez Crespo comenta que manteñen as propostas do ano pasado e se teñen que reunir para ver se cambian algo ou se centran en algo de máis relevancia. En principio manteñen o do ano pasado.

O Presidente lles comenta que nas beirarrúas do colexio de Cesantes poden incluír tirar a árbore grande que está do portal para fóra, de paso que van a arranxar as beirarrúas. Primeiro pódese buscar a un técnico para que faga un informe do estado da árbore e ver se hai perigo.

Todos están de acordo.

Leonardo Cabaleiro Couñago reitera, unha vez máis, que non está de acordo co reparto lineal dos orzamentos.

4. Orzamentos participativos ano 2017

O Presidente explica que, a parte das reunións para a modificación do regulamento, preténdese que dende o consello aporten as súas propostas, opinións, ideas, calquera tema que queiran modificar para os participativos 2017, poden reunirse ou se é preciso convocar un consello extraordinario.



CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago aplaude que se traten os orzamentos participativos 2017 aínda que se debería esperar a ver como queda a modificación do regulamento.

Jorge Rodríguez Crespo indica que sería bo que puideran contar tamén coas ideas dos partidos políticos.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que unha vez aprobado o regulamento claro que farán aportacións.

O Presidente comenta que noutros consellos non queren que nas reunións que teñen estén os partidos políticos. Parécelle ben a idea das aportacións dos partidos políticos pero indica que éstos xa teñen outros medios para manifestalas.

Francisco J. Táboas Carrera di que se debería facer un modelo central e despois adaptalo a situación concreta de cada parroquia.

5. Rogos e preguntas

O Presidente expón que nun consello anterior se falou das analíticas da auga das fontes, xa vai cumprir un ano dende que se realizaron e seguramente dentro dun mes se farán outras. Lee o resultado das analíticas e lles entrega unha copia das mesmas.

Leonardo Cabaleiro Couñago pide que se fagan en periodos máis curtos, de tres ou seis meses, non cada ano.

O Presidente lles indica que transmitirá que se fagan máis analíticas.

Por outro lado, Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta como vai o tema do camiño do Arxón.

O Presidente lle contesta que xa falou con varias persoas de alí, unha que contactou con varios propietarios e supostamente están todos de acordo en ceder. Primeiro se está falando cos propietarios dabaixo para saber se ceden e despois se falará cos darriba.



CONCELLO DE REDONDELA

Arsenio Martínez Ricón comenta que en Santa Mariña, onde o taller de motos, diante dos edificios onde están aparcados os coches, queda estreito para pasar os coches e peóns. Poderíase aparcar en liña, ademais a beirarrúa non continúa, remata cuns ferros.

O Presidente lles volve indicar que traian temas, que aporten propostas aínda que xa foran pedidas por algún colectivo.

Juan Carlos Araújo Alonso lle comenta que na zona do Coto dende as obras do AVE ahi falta de tensión eléctrica e xa o pediu varias veces por escrito.

M^a. Magdalena Ramonet Otero comenta que a eles os chamaron polas deficiencias das obras do AVE na zona onde está Ramilú por unha canaleta que non remataron, a empresa non fixo ben as obras.

Ademais, engade que na zona do camiño do Cocho colocaron unha barandilla, caiu unha pedra, os coches non se fixan e se meten no rego, pódese poñer algo para tapar o buraco.

Leonardo Cabaleiro Couñago comenta que hai temas de calado que afecta á parroquia, como por exemplo: o centro de día de Cesantes, a reparación das Telleiras, as deficiencias que presenta o novo pavillón municipal, os muros e a entrada de auga na praia, etc.

O Presidente lle contesta en relación a zona da praia, que está solicitado a Costa colocar outra vez a madeira para que non saia a area.

M^a. Magdalena Ramonet Otero engade que se retiren as pedra que quedaron na praia despois de facer o muro.

Leonardo Cabaleiro Couñago pídelle ao Presidente se pode, no próximo consello, traer esa solicitude ou se adopten as medidas necesarias.

Jorge Rodríguez Crespo pregunta se arredor do colexio de Cesantes, concretamente polo camiño que sube no lado dereito, se hai algún terreo que sexa municipal para saber se se pode aparcar nel.



CONCELLO DE REDONDELA

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.